

Mércores, 19 de xaneiro de 2022

Núm. 12

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**MUNICIPAL**

**PONTEVEDRA**

**Persoal, oposicións**

*RELACIÓN PROVISIONAL ASPIRANTES ADMITIDOS/AS PROCESOS SELECTIVOS 1  
PRAZA DE OFICIAL POLICÍA LOCAL, QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL E 1 PRAZA  
INSPECTOR ,QUENDA PROMOCIÓN INTERNA,OEP 2021*

A concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura , en data 13/01/2022 ditou a seguinte resolución:

*NÚMERO DE EXPEDIENTE:2021/PROCESOSELECTIVO/000019  
2021/PROCESOSELECTIVO/000020*

**“RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA  
POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS  
E EXCLUÍDOS/AS E A COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS DOS PROCESOS SELECTIVOS  
CONVOCADOS PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL, QUENDA  
MOBILIDADE HORIZONTAL E UNHA PRAZA DE INSPECTOR DE POLICÍA LOCAL, QUENDA  
PROMOCIÓN INTERNA, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2021**

Publicadas no BOP núm.224, do 19 de novembro de 2021, as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para acceder a diversas categorías do corpo da Policía Local do Concello de Pontevedra incluídas na OEP do ano 2021, realizados os trámites pertinentes para a formación dos Tribunais cualificadores e finalizado o período establecido para a presentación de instancias (do 21/12/2021 ao 10/01/2022, ambos inclusive), esta Concellería de Goberno, de conformidade coas bases aprobadas e en exercicio das súas atribucións delegadas,

*RESOLVE*

**Primeiro.- LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.-**

Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ás probas de selección convocadas para a cobertura de unha praza de oficial da policía local do Concello de Pontevedra, quenda mobilidade horizontal e unha praza de inspector de policía local, quenda promoción interna, incluídas na OEP 2021 segundo se relacionan a continuación.



Mércores, 19 de xaneiro de 2022

Núm. 12

*PRAZA: OFICIAL POLICÍA LOCAL*  
*QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL*

**ASPIRANTES ADMITIDOS/AS**

- 1 QUINTELA DOMÍNGUEZ, CARLOS
- 2 VARELA TOURÍS, MIGUEL ÁNGEL

**ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS**

Ningún

*PRAZA: INSPECTOR POLICÍA LOCAL*  
*QUENDA PROMOCIÓN INTERNA*

**ASPIRANTES ADMITIDOS/AS**

- 1 ACUÑA MARTÍNEZ, LUIS ALBERTO
- 2 GARCÍA LAREU, LUIS MIGUEL

**ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS**

Ningún

**Segundo.- MOTIVOS DE EXCLUSIÓN E RÉXIME DE SUBSANACIÓN.-**

De conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, os/as aspirantes excluídos/as ou aqueles/as que puideran resultar omitidos/as, por non figurar na relación provisional de admitidos/as ou de excluídos/as, disporán dun prazo de dez días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para ditos efectos deberá presentarse a documentación correspondente no Rexistro Xeral deste Concello ou nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, no prazo sinalado.

Advírtese aos/ás interesados/as que, de non procederse á subsanación, en cada caso de que corresponda, serán declarados/as definitivamente excluídos/as.



Mércores, 19 de xaneiro de 2022

Núm. 12

Concluído o prazo de 10 días para presentación de subsanacións ou reclamacións contra a presente resolución, de non presentarse reclamación algunha, a lista provisional de admitidos/as elevarase a definitiva. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución, estimándoas ou desestimándoas.

A resolución pola que se resolvan as reclamacións, aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e publicarase no BOP e no Taboleiro de editos do Concello.

### **Terceiro.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES.-**

Os tribunais cualificadores dos procesos selectivos convocados quedarán integrados da seguinte forma:

#### *UNHA PRAZA OFICIAL POLICÍA LOCAL (QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL)*

#### **Presidente:**

- Don Don Jesús Javier Cal Ucha, inspector da Policía Local do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona María Pilar Peón Omil, inspectora da Policía Local do Concello de Pontevedra.

#### **Secretaria:**

- Dona Eva Córdoba Márquez, administrativa xefa de negociado do Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona Yolanda González Cons, administrativa xefa de negociado da OTMAIES do Concello de Pontevedra.

#### **Vogais:**

- Don Manuel Arca Caeiro, inspector xefe da policía local do Concello de Tui, sendo o seu suplente don Luis Adolfo Alonso González, inspector da Policía Local do Concello de Pontevedra

- Dona Silvia Nogueira Pérez, oficial da Policía Local do Concello de Pontevedra sendo a súa suplente dona María Eugenia Pérez Heres, oficial da Policía Local do Concello de Ferrol.

- Don José Luis Domínguez Maya, oficial da Policía Local do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Ramón Gamallo Maquieira, oficial da Policía Local do Concello de Pontevedra.



Mércores, 19 de xaneiro de 2022

Núm. 12

*UNHA PRAZA DE INSPECTOR POLICÍA LOCAL(PROMOCIÓN INTERNA)***Presidente:**

- Don Jose Manuel Duarte Solla, inspector principal xefe da Policía Local do Concello de Pontevedra sendo o seu suplente don Jesús Javier Cal Ucha, inspector da Policía Local do Concello de Pontevedra.

**Secretaria:**

- Dona Vanesa Gómez Pacheco, xefa do servizo de policía administrativa, vivenda e servizos do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona Encarna Dapena Losada, xefa do servizo de educación e promoción económica do Concello de Pontevedra.

**Vogais:**

- Don Francisco Martínez Muñoz, intendente xefa da Policía Local do Concello de Vigo, sendo a súa suplente dona María Pilar Peón Omil, inspectora da policía local do Concello de Pontevedra

- Dona María Barrera Aldemira, intendente xefe da policía local do Concello de Ourense, sendo o seu suplente don José Manuel Rico Rodríguez, inspector principal da policía local do Concello de A Coruña.

- Don Francisco Javier Álvarez Ferreira, inspector principal da Policía Local do Concello de Vigo, sendo a súa suplente dona Diana Parente Pampín, inspectora da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela.

Os/as membros/as do Tribunal cualificador poderán ser recusados/as, cando nos/as mesmos/as concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Cuarto.- A presente resolución publicárase no BOP e no Taboleiro de anuncios da casa do Concello de Pontevedra sita na rúa Michelena, 30 e no taboleiro de anuncios electrónico (<http://sede.pontevedra.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>), e de forma complementaria poderase publicar no apartado de información sobre emprego da sede electrónica xunto coa información do proceso selectivo:

(<http://sede.pontevedra.gal/public/dynamic/transparency/employment/>) .

Así o ordena e dispón a concellería delegada no exercicio das súas atribucións delegadas, ante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente resolución.”

